



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*Aprobación das bases do Programa F0104/2024*

Por acordo da Xunta de Goberno do 20 de outubro de 2023, aprobáronse as *Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades deportivas da provincia sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2024*, que se transcriben deseguido:

#### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DEPORTIVO DURANTE O ANO 2024**

##### Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación, Cultura e Deportes
Anualidade	2024
Denominación	Programa de subvencións a entidades deportivas da provincia sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2024
Beneficiarios	Entidades de carácter deportivo sen fins de lucro, inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña
Programa	F0104/2024
Aplicación orzamentaria	0612/3420/781
Importe da convocatoria	575.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 €, máximo 50.000 €
Importe da subvención que se ha conceder	De 1.000 € a 40.000 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80
Gasto anticipado	Sí, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

##### Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

#### 1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 34561 do 14 de setembro de 2023 ([BOP número 178, luns, 18 de setembro de 2023](#)).

#### 2.- BASES ESPECÍFICAS

##### Base 1. Obxectivos e réxime xurídico específico.

##### 1.1.- Obxectivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos ás actividades, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas a apoiar o financiamento e promoción de actividades e investimentos no eido do deporte. Esta convocatoria pretende apoiar as entidades deportivas sen ánimo de lucro para que poidan mellorar as súas instalacións e dotarse do equipamento necesario para mellorar a súa práctica deportiva.

**1.2.- Réxime xurídico específico:**

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

**Base 2. Obxecto**

Este programa vai dirixido ás entidades de carácter deportivo sen fins de lucro, inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización de **investimentos deportivos directamente relacionados coa modalidade coa que figure inscrita no rexistro de entidades deportivas**.

Unicamente serán obxecto de axuda os gastos por adquisición, rehabilitación ou mellora de instalacións propias da entidade; obra nova; bens inventariables; e equipamentos.

**No caso de adquisición, rehabilitación ou mellora de instalacións e obra nova as instalacións deberán ser propias, non alugadas nin cedidas.**

**Ámbito temporal**

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024**. Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas na base específica 8 (prazo de xustificación).

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a prórroga para a realización do investimento, despois da petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2024 ás 14:00 h**.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2024, con data límite do **15 de abril de 2025**.

**Base 3. Gastos subvencionables**

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
211	Construcións (edificios e outras construcións para uso deportivo)
216	Material deportivo inventariable: colchonetas, pesas, balóns medicinais, porterías, canastras, rings, marcadores, tatamis ou similares; equipamento téxtil inventariable (petos electrónicos, traxes de neopreno, etc.).
218	Elementos de transporte (vehículos, remolques, embarcacións: adquisición, adaptación, rotulación)
219	Outro inmovilizado material (equipos electrónicos para a mellora da practica ou rendemento deportivo)

**Base 4. Compatibilidades e exclusións**

As subvencións deste programa:

- Son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Son **incompatibles** coa presentación de solicitudes aos programas **F0103A/2024, F0103B/2024, F0103C/2024, F0103D/2024** da Deputación Provincial da Coruña.

**Exclusións específicas do programa F0104/2024**

Non serán obxecto de subvención neste programa:

- Os investimentos subvencionados no exercicio anterior que non foran xustificadas.
- A adquisición de material funxible.
- O equipamento informático e telefonía.
- As obras, edificios e outras construcións que non teñan uso deportivo: cafeterías, bufetes ou similares do local social, ou calquera outra que non sexan destinadas a uso deportivo.
- Os gastos derivados doutras actividades realizadas polo club.
- Os investimentos culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- Os gastos financeiros e de xestión.

### Base 5. Entidades solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria as entidades de carácter deportivo sen fins de lucro, inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

#### Entidades excluídas:

- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro
- As federacións deportivas
- Os clubs deportivos, que foran sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.
- As entidades que discriminen nos premios ou recoñecementos que outorguen ás persoas deportistas por razón de xénero.
- As entidades que non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude.
- As entidades deportivas que non teñan actualizados os datos da súa xunta directiva no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, segundo a normativa vixente.

### Base 6. Compromisos e obrigas específicas

#### A) Compromisos e obrigas de publicidade

As entidades beneficiarias deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

1.- Colaborar e prestar a súa imaxe a aqueles programas ou actividades que o precisen, cando sexa requirido pola Deputación Provincial da Coruña. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

2.- Incluír o logotipo da Deputación en calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas así como a información ou material de promoción deportiva da entidade (para o obxecto subvencionado). Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

3.- Incluír o logotipo da Deputación na páxina web e/ou redes sociais (no caso de que a entidade dispoña destes medios). Para a súa acreditación achegarase ligazón.

4.- No caso de adquisición de equipamento, deberá incluír o logotipo da Deputación da Coruña, nun lugar perfectamente visible cunha medida mínima 153mm x 62mm (ou medida proporcional por tamaño). Para a súa acreditación achegarase fotografía.

5.- No caso de adquisición de vehículos, deberán estar rotulados, nos 4 costados do vehículo, o anagrama da Deputación da Coruña, xunto co texto “vehículo subvencionado pola Deputación da Coruña”, cunha medida mínima de 800mm x 291mm. Para a súa acreditación achegarase fotografía.

6.- No caso de obras con subvencións superiores a 3.000,00 €, deberán colocar unha placa de 50x40 cm. co logotipo da Deputación facendo constar ao seu carón o texto: “Obra subvencionada pola Deputación da Coruña”. Para a súa acreditación achegarase fotografía.

En todo caso o logotipo terá que ir nun lugar visible e o seu tamaño deberá coincidir co logotipo de maior tamaño dos outros colaboradores (agás no caso das camisetas que teñen o seu tamaño establecido) e deberá ter as seguintes características:

- cor PANTONE 2757C C:100 M:81 Y:00 K:51
- tipografía Aller Regular Bold, Light.
- No caso de que a cor de fondo sexa escura (roupa, lonas, etc), a cor do logotipo será branca. Non servirá ningún outro logotipo ou escudo ou anagrama que non sexa o descrito anteriormente. Pódese descargar da páxina web en (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>).

A non acreditación das obrigas de publicidade recollidas nalgún dos puntos 3, 4, 5 e 6 anteriores dará lugar á redución dun 25% do importe da subvención a aboar.

As obrigas de publicidade entenderanse desde a data de concesión ata o pagamento da subvención, agás a inclusión do logotipo da Deputación nas obras e no equipamento adquirido que deberá permanecer un mínimo de cinco anos, no caso de obras, ou de dous anos, no caso do resto do equipamento.

#### **B) Outros compromisos e obrigas**

1.- No caso de obras, invitar á Deputación Provincial da Coruña á inauguración da obra subvencionada. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

2.- Destinar os bens aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles, ou de dous anos, no caso de bens inventariables. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

3.- Contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente. No seu caso, as ditas licenzas e autorizacións serán requiridas na xustificación da subvención. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

4.- No caso de execución de obras en locais, usarán a lingua galega nos elementos de sinalización internos e externos. Toda a sinalética dos espazos e mobiliario dos locais deberá estar en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de estar tamén noutras linguas. Desde a Deputación farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.

#### **Base 7. Valoración das solicitudes e concesión**

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, polo procedemento de **concesión provisional/definitiva** regulado nas bases xerais destas axudas.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 40.000 €.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito deportivo obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para a puntuación -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente polo solicitante.

#### **VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 70 puntos**

Valoraranse os seguintes aspectos referidos a 1 de novembro de 2023::

- \* Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos.
- \* Anos de actividade continuada da entidade: ata 5 puntos
- \* Número de categorías inferiores da entidade: ata 10 puntos.
- \* Número de licenzas femininas da entidade: ata 10 puntos.
- \* Número de licenzas masculinas da entidade: ata 10 puntos.
- \* Número de socios da entidade: ata 5 puntos.
- \* Número de habitantes do concello no que teña a sede a entidade: ata 10 puntos.

#### **VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 30 puntos**

Valoraranse no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos.

- \* A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade.

- \* O uso deste investimento para as categorías inferiores.
- \* A vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado.
- \* A posibilidade de utilización do investimento por entidades distintas da solicitante.

A Comisión de Valoración Técnica terá acceso, á memoria de actividades, e á demais documentación necesaria para a súa valoración.

#### **Base 8. Prazo de xustificación**

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2025, ás 14:00 horas**.

**Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 16 de maio de 2025, ás 14:00 horas.**

#### **Disposición adicional primeira**

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

#### **Disposición adicional segunda**

En ningún caso a convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

#### **Disposición final**

As presentes bases están condicionadas á aprobación definitiva do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2024. En consecuencia non poderá adoptarse acto ou acordo que implique directa ou indirectamente a concesión da subvención, nin polo tanto o compromiso ou disposición do gasto, ata que non se acredite a aprobación do dito Plan Estratéxico de Subvencións.

### **3.- ANEXOS DOCUMENTACIÓN**

#### **ANEXO I- Documentación da solicitude.**

- \* Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- \* Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación
- \* Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.
- \* Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo)
- \* No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.  
  
No caso de que a realización das actividades **non** implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- \* No caso de asociacións, certificación do número de socios/as da entidade.
- \* Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- \* Declaración de non estar incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- \* Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.
- \* Memoria explicativa do investimento que conterá os seguintes aspectos:

- Estrutura social da entidade, órganos de goberno, páxina web e redes sociais.
- Obxecto da subvención.
- Descrición do proxecto subvencionado: número e descrición das actividades deportivas ás que adicará o investimento, localización do investimento (local de custodia e titularidade do local) e número de persoas usuarias do investimento e perfil.
- Enumeración e descrición de todo o investimento solicitado.
- Xustificación do investimento solicitado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade.
- Xustificación do uso deste investimento para o deporte base.
- Xustificación do investimento solicitado para favorecer o deporte adaptado ou ao deporte inclusivo.
- Vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado (indicar número de anos ou meses)
- Posibilidade de utilización do investimento por entidades distintas da solicitante (indicando o nome das entidades e o tipo de colaboración).
- \* Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.
- \* Compromiso, cando corresponda, de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben ás fins previstas.
- \* Orzamento estimado dos gastos derivados da realización do investimento, desagregado por conceptos.
- \* Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- \* Declaración doutras subvencións ou ingresos públicos ou privados solicitados e/ou obtidos para o mesmo obxecto.
- \* Certificación expedida pola federación autonómica na que consten os datos de licenzas da entidade á 1 de novembro de 2023 na modalidade deportiva pola que solicita subvención.
- \* Declaración do número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- \* Coeficiente de financiamento derivado da solicitude.
- \* Anos de actividade continuada da entidade.
- \* Número de licenzas de deporte adaptado da entidade.

**Ademais da documentación anterior deberán achegar:**

- \* Declaración do número de licenzas femininas da entidade.
- \* Declaración do número de licenzas masculinas da entidade.
- \* Declaración do número de socios da entidade.

**No caso de obras:**

- \* Resumo do orzamento de execución por capítulos ou memoria valorada, aínda que unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirirase para xustificar, a achega do proxecto técnico. No caso de solicitar a axuda para unha fase da obra, definirase a fase no informe técnico e garantirase que é susceptible de utilización independente e a posibilidade de continuidade da obra por contar con financiamento.
- \* Declaración de ter acreditada a propiedade sobre o ben inmovible.
- \* Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio.

**No caso de discrepancia entre os datos declarados pola entidade e os datos que constan nas certificacións da federación competente, tomaranse como válidos os datos que figuren nas certificacións.**

**A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se valorarán aqueles aspectos non acreditados ou informados debidamente pola entidade solicitante.**

**A entidade deberá presentar obrigatoriamente a documentación requirida segundo as plantillas ou modelos que figuran na plataforma Subtel.**

**ANEXO II- Documentación da xustificación**

- \* Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- \* Certificación dos gastos realizados. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.
- \* Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.
- \* Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- \* A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- \* Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar estes documentos.
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade contempladas na **base 6: compromisos e obrigas específicas**.
- \* No caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.
- \* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, e detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con indicación do seu importe e orixe. A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e acreditárase a recepción da obra ou o equipamento.
- \* No caso de proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.
- \* Declaración do acordo de aprobación da/s factura/s polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- \* Acreditación do uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

Ademais da documentación anterior, e segundo a natureza do investimento, deberán achegar a seguinte documentación:

**No caso de equipamento:**

- \* Certificación da recepción do equipamento, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no inventario da entidade.
- \* Facturas do equipamento que deberán achegar na relación de gastos.
- \* Fotografía do equipamento.

**No caso de obras:**

- \* Autorizacións ou licenzas preceptivas, no seu caso.
- \* Proxecto técnico ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran.
- \* Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.

- \* Acta de recepción, identificando as obras realizadas.
- \* Facturas do investimento que deberán achegar na relación de gastos.
- \* Fotografía do investimento.

A Coruña, 20 de outubro de 2023.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/8431